

A RECUPERACIÓN LEGAL DUN TOPÓNIMO: A CORUÑA

Lois CAMBEIRO CIVES

Vice-presidente de la Mesa pola Normalización Lingüística

ANTECEDENTES A UNHA SENTENZA HISTÓRICA EN GALIZA

O 14 de xullo de 1983 publica-se no Diálogo Oficial de Galicia a Lei de normalización lingüística (Lei 3/1983) que «asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo».

No artigo 6 (apartado 3) di: «os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns» e no apartado seguinte engade: «A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei».

En efecto, a partir deste momento, a Xunta comeza a promulgar unha serie de decretos e ordes que desenvolven as boas intencións recollidas na Lei. Ao mesmo tempo, algúns concellos dan pasos importantes de cara á normalización da lingua nos seus actos.

O concello da Coruña adiantara-se ao espírito desta Lei e —baixo a dirección dun alcalde nacionalista— nun Pleno celebrado o 29 de maio de 1981 chegou-se ao acordo de que «toda a documentación pública, sobre todo a que se refere a anúncios na prensa e bandos da Alcaldía deberá estar no idioma galego». Este Acordo sería suspendido pouco despois polo gobernador civil da Provincia e ratificado polo Tribunal Supremo o 12 de marzo de 1984, mantendo a vixencia aínda hoxe.

O 24 de setembro de 1982, o Concello —presidido por un alcalde nacionalista— noutro Acordo decide galeguizar o nomenclátor da cidade e fai unha relación dos nomes das rúas en galego para levá-lo á Comisión de Toponimia da Xunta e dar-lle vía legal.

Estes antecedentes non serán nengun inconveniente para o novo alcalde elixido nas segundas eleicións democráticas —e que continua hoxe—. Desde o primeiro momento mostrou unha ampla aversión e hostilidade cara a todo o que se relacionase co idioma galego, procurando eliminá-lo en todos os actos e disposicións que emanaban do concello, obstaculizando os cursiños en galego para os funcionarios e realizando declaracións públicas degradantes cara este idioma. Por suposto, obviou totalmente os acordos sobre o tema aprobados pola Corporación anterior e o nome da cidade pasou a ter unicamente a forma castelanizada La Coruña.

Os intentos da Mesa pola Normalización Lingüística para entrevistarse con algun representante municipal do grupo de goberno foron en van. Ao mesmo tempo, a Xunta que tería a obriga moral de promover o uso do idioma galego, mantiña silencio e mesmo chegou a «comprender» a situación do concello.

RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA E VALEDOR DO POVO

En toda a declaración de intencións da Lei de normalización lingüística só hai un único artigo prescriptivo. O artigo 10 di:

- «1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde a Xunta a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia...
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas...»

O 27 de setembro de 1984 publica-se o Decreto 146/1984, polo que se procede a fixar a toponimia e dispón-se que A Coruña é o nome oficial desta cidade.

En canto ao uso do idioma nas corporacións locais, o Parlamento galego aprobou o sete de xuño de 1988 (publicada o 13 deste mes) a «Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais». Nela fai-se constar no seu artigo 1:

- «1. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das Comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega.
2. Sen prexuício do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial».

Esta Lei que, nunha disposición transitória, concedía un prazo de dous anos ás entidades que non estivesen en condicións de cumprila, terá plena vixencia a partir do 1990.

Pois ben, o Concello coruñés despois deste ano seguía ignorando as dúas leis e desoindo as organizacións que pedían un cambio de rumbo na liña idiomática.

Antes de levar a cabo nengunha acción legal, a Mesa pola Normalización Lingüística recorreu ao valedor do pobo para que o prestíxio desta institución fose suficiente á hora de posibilitar o reclamado cambio. En setembro do 1991, D. Xosé Cora, como valedor do pobo envía un escrito ao alcalde coruñés recordando-lle a legalidade polo miúdo. Remata: «Por todo isto... recomendamos a ese Concello o estricto cumprimento do establecido sobre o uso e potenciación do idioma galego no Estatuto de Autonomía de Galicia, obrigación que se impón e estende a tódolos poderes públicos de Galicia, así como tamén o cumprimento de tódalas normas posteriores dictadas en aplicación e desenvolvemento do mesmo.»

Na resposta o concello di que acata a lei «sobre o uso dos topónimos en galego como o demostra o feito de que pola súa iniciativa se procedeu a rotular as rúas da cidade en ambos idiomas, tanto na lingua castelá ou española, oficial do Estado, como na lingua galega, oficial da nosa Comunidade Autónoma.»

A resposta é, cando menos sorprendente, xa que o único que fixera o concello foi pór nas placas «calle/rua» e o nome da respectiva en español. E remata argumentando na súa defensa que usa o topónimo La Coruña porque é o da maioría da poboación e «non desexa o Concello que o criterio das minorías prevaleza sobre o das maiorías ou ao revés.»

En xaneiro do 1992, a Mesa pola Normalización Lingüística decidiu presentar unha Reclamación Administrativa ante o concello para que acatase a legalidade vixente. Este contestou co silencio administrativo.

Finalmente en febreiro do 1993 a Mesa presenta ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia unha demanda de recurso contencioso administrativo (nº 4944/1992) contra o concello para que, á falta de razón deste organismo que debería ser o primeiro á hora de potenciar a normalización, sexa o Tribunal o que a impoña.

A SENTENZA

O Tribunal desestima a falta de lexitimación activa da Mesa que alega o Concello, e o 28 de xullo de 1994 dicta sentenza.

Polo que respeita ao topónimo di que «ningunha dúbida cabe de que o nome oficial do municipio de que se trata é o de «A Coruña» e, polo tanto, tampouco cabe dubidar de que o acatamento e observancia daquela normativa conduce a que oficialmente haberá de ser utilizada tal denominación, obriga en canto á súa utilización oficial que desde logo comprende tamén a agora demandada.»

En canto ao uso da lingua galega nas actuacións do concello considera que a Lei do 21 de xuño do 1988, ademais de obrigar a utilizar a lingua propia de Galiza, permite tamén o uso da outra lingua oficial, por tanto «a exposta é unha determinación normativa que debe ser cumprida, observancia inexcusábel que, como ocorre con toda norma, ha de practicarse coa esixíbel racionalidade» e, en consecuencia,» establece-se a obriga de garantir o uso normal do galego e do castelán ... así como a de evitar a discriminación por razón de lingua».

No fallo insta-se a «que dito Concello reconeza e utilice como nome oficial o de «A Coruña» en vez de «La Coruña», así como que utilice o idioma galego en todas as ordes oficiais, e en consecuencia dispoñemos que o Concello de «a Coruña» ha de utilizar como nome oficial o de «A Coruña» e ha de aplicar a lingua galega nas convocatórias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas, sen prexuízo de que ademais o poda facer en castelán».

— No mesmo día, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tamén desestimaba un recurso contencioso administrativo (nº 5073/1992) interposto polo concello coruñés contra o Ministerio de Administracións Públicas pola utilización deste da denominación «A Coruña»—.

Vários organismos oficiais (entre eles o Consello da Cultura Galega, que fixo un estudo histórico sobre o topónimo que avalaba o fallo do Tribunal), partidos políticos, sindicatos e organizacións populares mostraron a súa satisfacción pola Sentenza, agardando que, sen máis dilación, se puxese en práctica. A Mesa fixo un chamamento ao goberno municipal para que non a recorrese. Pidiu unha vez máis unha entrevista ao alcalde ao tempo que se ofrecía a colaborar en todo o que fixese falta.

Como cabía esperar por parte dun concello obstinado na defensa a ultranza do uso do español, interpón un recurso de casación ante o Tribunal Supremo contra a Sentenza do 28-7-1994 promovida pola Mesa. Por suposto, non cambiou en absoluto o comportamento: non contestou á solicitude de entrevistas, arreciou no discurso despectivo cara o galego e

tanto o topónimo como todo tipo de impreso sainte do concello continuaron en español.

SOLICITUDE DE EXECUCIÓN PROVISORIA DA SENTENZA

Ante o retraso que pode supor a resolución do Tribunal Supremo e as consecuencias negativas para a cultura galega que este retraso pode ocasionar, e tendo que conta que hai suficientes argumentos legais, a Mesa nun escrito pide a execución provisoria da Sentenza do 28-7-1994.

Alega o Concello o recurso de casación ante o Tribunal Supremo, pero sobre todo, considera-a inadecuada por dous motivos. Un de orde persoal: «a necesidade imprescindible de que o Concello conte con persoal adecuado para redactar correctamente todos os extremos aos que se refere a sentenza», e como neste momento non o hai, e tampouco hai consignación suficiente, podería producir-se unha «paralización practicamente total da administración municipal».

É sintomático que sexa un concello dos maiores de Galiza o que non pode facer fronte ao gasto que pode producir un asesor lingüístico cando unha boa parte dos concellos pequenos dispoñen del.

O segundo motivo, de orde material, xa que habería que substituír «todo o papel que se utiliza pola Administración municipal, escritos, carpetas, comunicacións, boletíns, etc... que teñen un custe extraordinario e que estimativamente poden calcular-se en máis de 100.000.000 de pesetas» e iso supera as previsións do concello. Por tanto pide-se a Mesa un aval de 100.000.000 de pesetas para os gastos de persoal e material «e outra cantidade semellante polo retraso que se poda producir para dar cumprimento á sentenza».

Como se ve, o único que pretende o Goberno Municipal é ignorar, ou cando menos retrasar o cumprimento legal o máis posíbel.

O Tribunal non concorda coas razóns municipais e accede á solicitude da Mesa. En consecuencia, nun Auto do 24-10-1994 decide que o goberno municipal deberá acometer a Sentenza «progresivamente e nun espazo temporal razoábel de cuxos resultados se dará conta periodicamente a esta Sala». Argumenta que, levada deste xeito non cabe apreciar «a previsibilidade de aparición de danos e prexuízos» polo que non cabe esixir nengun tipo de aval.

O Concello formulará un novo recurso de súplica, ao que o Tribunal contesta cun novo Auto (15-12-94) no que se insiste na non previsibilidade de danos ou prexuízos, por tanto accede á execución provisoria da sen-

tenza. Pero vai máis alá, xa que agora require-se ao Concello «na persoa do seu Alcalde-Presidente». Ademais debe informar-se « mensualmente a esta Sala sobre a adopción e resultados de tales medidas, requerimento que se efectuará á devandita autoridade con expreso apercibimento de que o incumprimento do ordenado no mesmo poderá orixinar as correspondentes responsabilidades penais por delito de desobediencia».

Como vemos, hai unha maior concreción con respecto ao Auto anterior na periodicidade, persoa e responsabilidade da execución da sentenza.

UN LONGO SILENCIO NA EXECUCIÓN DA SENTENZA

Desde o último Auto, o Concello unicamente remitiu ao Tribunal un escrito o 10-2-1995 con cópias de seis convocatórias e ordes do día en bilíngüe. Un testemuño moi pobre para poder considerá-lo un avance no camiño da normalización idiomática.

O Alto Tribunal Galego fai-se eco disto e envia unha Providéncia (30-3-1995) ao Concello na que indica que este «nen atendeu a indicación sobre remisión de informe mensual», nen se ten constáncia de que se atendera a orde de execución provisoria tanto na utilización da lingua galega na documentación como na utilización do nome oficial da cidade. É engade: «como exemplos máis evidentes cabería citar a adquisición de novos impresos e material de oficina en xeral para reempresar o material xa esgotado, novas actuacións en canto á rotulación, información e sinalización en xeral... dando-se incluso a circunstancia de que nen siquera nas mencionadas convocatórias e ordes do día (enviadas polo Concello ao Tribunal)... se utiliza o topónimo "A Coruña", empregando-se a forma «La Coruña» non só nas convocatórias efectuadas en castelán, o cal igualmente desatendería o ordenado, na Sentenza e Autos de execución, senon incluso tamén nas referidas convocatórias efectuadas en galego».

Ante a evidéncia de desatención e por un principio de boa fe, o Tribunal decide oficiar ao Concello «para que no termo de tres días se remita a esta Sala completo informe relativo ás actuacións e medidas practicadas» por el.

ALEGACIÓNS DO CONCELLO E UNHA HISTÓRIA SEN FINAL

A especial consideración que o Tribunal tivo cara o Concello ve-se contestada por este dun xeito que revela ben ás claras que non ten nen-

gunha vontade de cumprir o mandato xudicial. Todo o contrario, o que pretende é dar longas, manter recurso tras recurso e evitar no posíbel un cumprimento que non toma forma real.

Nas novas alegacións (5 e 10 de abril), o Concello di ao seu favor que está a cumprir a sentenza e pon os seguintes exemplos:

- Prosegue coa impresión bilíngüe das ordes do día. Cita tres casos.
- Comezou a impresión das actas de Comisións Informativas en castelán e galego.
- Pidiu ao Negociado de Imaxe a confección de impresos co topónimo «A Coruña».
- A recente documentación para o cobro do imposto sobre circulación de vehículos figura nas dúas linguas.
- Ten documentación preparada nas dúas linguas para levar a cabo matrimonios civís.
- Hai textos en galego na Casa das Ciencias e no Museu «Domus».

Como podemos ver por estas referencias, o traballo normalizador do Consistorio é simbólico e, desde logo, pouco consistente á hora de demostrar que está cumprindo nun espazo temporal razoábel. Pero a terquedad toma tal grao de desprezo ao Tribunal e á sociedade que mesmo chega a atribuír-se logros que non son seus. Para comprobá-lo, vexamos os seguintes feitos que se atribuí o Concello a si:

- Topónimo correcto nun xardín da Praza de Mina e nun indicador da Avenida Alfonso Molina.
Hai que aclarar que o nome da cidade na Pr. de Mina xa ven de antigo e nel non influíu para nada este goberno municipal. O indicador de Alfonso Molina non pertence ao Concello, pero si corresponde un xardín que está neste mesmo punto (á entrada da Coruña) e que se fixo famoso porque, coa inscrición «La Coruña» feita con mirtos, o «L» desaparece moitas noites roubado por mans ocultas e á mañá seguinte xa están os xardíneiros municipais repoñendo-o.
- Moi curioso é o apropiamento da Revista da Policía Municipal —reductada integramente en galego— que o Concello non apoia. Isto provocou unha carta xornalística de estupor e incompreensión por parte dos policías.
- E indignante foi o aparecer como impulsor duns diplomas de traductor en linguaxe administrativa galega conseguido por cinco funcionarias no seu tempo libre. Indignante porque o Concello sempre tratou de impedir todo tipo de cursiños para os sus funcionarios. —Ainda

este ano 1995 se formularon 13 peticións de cursiños de galego, e os 13 foron denegados—.

Tras expor estes «sorprendentes» logros, remata o recurso: «De todo o exposto, cremos que se deduce sen lugar a dúbidas o contínuo esforzo que realiza este Concello para promocionar o idioma galego...»

Ante esta contumaz conducta do alcalde, que en todo este período nen siquer fora capaz de restituir o nome oficial do Municipio nos anúncios pagados na prensa, o Tribunal —a instancias da Mesa— envia o que pretende ser o último Auto (9 de maio) referido a esta cuestión.

Desestima o recurso de súplica interposto polo Concello debido ao evidente incumprimento do requerimento do Tribunal: «o recurso de súplica formulado contra a referida providencia presenta-se non só carente de toda base senon incluso como temerario, polo que, xunto coa desestimación do mesmo, procede a imposición ao Concello das costas devengadas pola Mesa pola Normalización Lingüística con ocasión do recurso de súplica».

En canto á utilización da lingua galega, debe o concello cumprir o ordenado, di o Tribunal. Pero vai ser contundente co «olvido» municipal do topónimo correcto: «a partir desta data, e sen máis dilacións, excusas nen pretextos, dito Concello deberá utilizar o topónimo “A Coruña” en todas as suas actuacións, incluídas as relativas á publicidade realizada nos distintos medios de comunicación social».

Mes e meio despois deste Auto, a situación practicamente non variou. O concello enviou ao Tribunal unha convocatória de Pleno en bilíngüe e unhas tarxetas informativas sobre as eleicións. Mentres nos anúncios de prensa segue a manter nalgun caso «Ayuntamiento de La Coruña» aínda que o normal é que os encabece por «El Ayuntamiento informa» e aí hai que saber que se refere ao da Coruña.

O xogo do gato e o rato fixo-se dono da presente situación. As «dilacións, excusas e pretextos» son os que levan a voz cantante. Mentres o Tribunal segue a pedir con moita consideración o cumprimento da sentenza, o Alcalde, nunha actitude despectiva cara a Xustiza, recorrendo á malicia e mesmo á mentira, cumpre un detallíño da sentenza para incumprir a globalidade.

O 13 de xuño, os servizos xurídicos da Mesa enviaron ao Tribunal o —polo momento— último escrito de alegacións, acompañado de varios documentos onde se demostra que a sentenza segue sen ser cumprida, para que esta se cumpra integramente e ao mesmo tempo «se deduzan testemuños contra o Alcalde por desobediencia ao Tribunal».

A Coruña, xullo de 1995